

Traballadoras municipais de Brión e Nigrán culminan as asistencias técnicas en Cabo Verde

O presidente do Fondo Galego de Cooperación e alcalde de Nigrán, Juan González, reúnese coa AECID e cos concellos do arquipélago africano

Nigrán, 22 de agosto de 2024. As dúas traballadoras municipais de Brión e Nigrán que ao longo deste mes achegaron a súa asistencia técnica en Cabo Verde culminan esta semana a súa experiencia no programa **Especialistas en Cooperar**, impulsado polo [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) e financiado pola Agencia Española de Cooperación Internacional al Desarrollo. O presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González, atópase tamén no arquipélago africano para **afianzar as relacións de colaboración** cos municipios caboverdianos e coa propia AECID.

Nas últimas tres semanas, a axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Brión, Lola Landeira, e a xefa de brigada de incendios nigranesa, Carla Pérez, percorreron o **Municipio do Tarrafal** para identificar tanto as necesidades como as potencialidades que presenta. Neste senso, entrevistáronse con organizacións de mulleres, comunidades mariñeiras, asociacións agrícolas, veciñas emprendedoras, etc. a fin de elaborar unha diagnose inicial, que será o punto de partida dun programa a catro anos para promover o **desenvolvemento económico local sustentable e participativo** do concello.

“Foi unha experiencia moi positiva na que puidemos coñecer de primeira man a realidade do territorio”, comenta **Lola Landeira**, para quen “a grande dificultade é a escaseza de auga”. “Solventando este problema, Tarrafal ten moitas posibilidades no eido da agricultura, a pesca e o turismo”, precisa, e apunta que “coas mulleres se poden impulsar pequenos negocios e tamén outros máis grandes relacionados coa transformación do produto local”.

“O fundamental é proporcionarlles ferramentas ás persoas para que poidan emprender, mellorando a súa calidade de vida e favorecendo a actividade agropecuaria para fixar a poboación e que non teñan que emigrar”, en palabras de **Carla Pérez**, que tamén se amosou “moi satisfeita da experiencia, da aprendizaxe e de poder coñecer as dificultades da veciñanza, principalmente ligadas á falta de auga e formación”.

O **presidente do Fondo Galego** acompañou esta semana ás dúas técnicas na supervisión dos puntos máis estratéxicos para establecer futuros proxectos de cooperación internacional, logo de ser **recibido na Cámara Municipal do Tarrafal**, co presidente José dos Reis á fronte. Juan González visitou asemade o Municipio de São Miguel da man do seu rexedor e presidente da **Asociación Nacional de Municipios de Cabo Verde**. O alcalde de Nigrán

reuniuse tamén esta mañá coa coordinadora da **AECID** no país lusófono, Patricia Ramos, que valorou positivamente os resultados do programa [Especialistas en Cooperar](#), apoiado pola axencia a través da Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad. Ademais de impulsar esta ferramenta de cooperación técnica, Ramos apostou por estreitar a coordinación co Fondo Galego en futuros proxectos sobre o terreo. Pola súa parte, González ratificou que tanto nesta como nas demais xuntanzas institucionais “quedou patente a disposición a **seguir colaborando para promover o desenvolvemento** dos concellos caboverdianos”.

Cooperación técnica

A [cooperación técnica](#) é unha das ferramentas máis potentes e distintivas da cooperación internacional ao desenvolvemento impulsada polos gobernos locais, pois supón **aproveitar o know how dos municipios** para reforzar as capacidades das administracións públicas e asociacións das sociedades máis desfavorecidas, facilitando respostas profesionais e formación adecuada ás súas necesidades. Ese é precisamente o principal obxectivo de Especialistas en Cooperar, que tamén favorece o **intercambio de experiencias** e un maior coñecemento da realidade dos países que o Fondo Galego está a apoiar.

A través de Especialistas en Cooperar e mais do anterior programa de voluntariado internacional para persoal municipal, Vacacións con Traballo, desde o ano 2005 un total de **53 empregadas e empregados da administración local** teñen colaborado cos parceiros do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade en Nicaragua, Cuba, Perú, Mozambique e Cabo Verde, contribuíndo así á mellora da calidade de vida da poboación e xerando fluxos de coñecemento compartido. A reconfiguración do programa, que se retomou en 2022 tras ficar suspendido por mor da Covid-19, busca potenciar a súa dimensión de cooperación técnica no marco da Axenda 2030 e dos [Obxectivos de Desenvolvemento Sostible](#).

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 113 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego vén de cumprir 25 anos tendo apoiado uns 200 proxectos en máis de trinta países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 604 040 890

comunicacion@fondogalego.gal